

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2006**

**CONCORRENTES**

Presidente

Don Jesús Veiga Sabín

Concelleiros

Dona Eva María Vilariño González

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Luis Purriños Pena

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José Paz Tenreiro

Don José María Laya Carril

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Secretario

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e vinte minutos do dous de outubro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Primeiro Tenente de Alcalde, don Jesús Veiga Sabín, por ausencia do Sr. Alcalde, e asisten os seguintes concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: dona Eva María Vilariño González; don Juan José Herva Mallo; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don José María Laya Carril; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión o concelleiro don Antonio Medín Pena.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia apróbanse, coa abstención do concelleiro do BNG, Sr. Abreira Sobrado, as actas das sesións correspondentes ao 14 de agosto de 2006, 18 de setembro de 2006 2 25 de setembro de 2006.

**2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDE DE COLECTORES.**

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras da “rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)” e detectados varios erros no prego de condicións e proxecto técnico.

De conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais o Pleno do Concello aproba por unanimidade:

1º.- Declarar deserto o expediente de contratación das obras de “rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro, e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)”, iniciado polo Pleno en sesión celebrada o 14-08-06 como consecuencia dos erros detectados no expediente e ordear a publicación deste acordo con inserción de anuncios no BOP e no DOGA.

2º.- Que se tramite novamente a contratación das obras e se remita ó Pleno o prego de condicións corrixido, declarando urxente a tramitación, motivado pola necesidade de contar con este servizo á maior brevidade posible.

3º.- Que se notifique este acordo ás empresas que presentaron ofertas.

4º.- Proceder á devolución da documentación dos sobres presentados ó concurso e que son as seguintes empresas:

Puentes y Calzadas Infraestructuras, S.L.U.

FCC Construcciones, S.A.

UTE: A.I.E. Construcciones López Cao, S.L.; Canarga, S.L.; Excavaciones Casais, S.L. Y Acciona Infraestructuras, S.A.

**3.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE TRES CAFETERÍAS NA PRAIA GRANDE.**

Visto o expediente tramitado para a selección duna proposta para a construción, xestión e posterior explotación de tres cafeterías bares na Praia Grande de Miño.

O Pleno do Concello, dacordo co dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, co voto en contra do concelleiro do BNG, don Miguel Anxo Abreira Sobrado, a abstención dos concelleiros Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e o Sr. Laya Carril, e oito votos a favor dos demais concelleiros da Corporación asistentes á sesión acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente o concurso público para a construción, explotación e xestión de tres cafeterías bares na Praia Grande de Miño, á empresa Invegest 66, S.L., dacordo coa proposta presetada pola mesma. Esta adxudicación non adquirirá firmeza ata que o Concello obtenga a correspondente concesión do Ministerio de Medio Ambiente.

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para continuar os tramites necesarios a fin de soicitar á Demarcación de Costas do Estado en Galicia, a autorización para a construción, xestión e posterior explotación das instalacións permanentes, consistentes en tres cafeterías-bares, situadas en zoas de dominio público marítimo-terrestre da Praia Grande de Miño, de conformidade co art. 53.1. da Ley 22/88 de 28 de xullo de Costas.

O adxudicatario non obtendrá o dereito de uso sobre as cafeterías-bares en tanto non sexa notificado o acordo que o declare formalmente como adxudicatario, que se realizara unha vez que o concello obteña a autorización correspondente do Ministerio de Medio Ambiente para a xestión destas instalacións fixas, será a partir desta adxudicación cando cobren virtualidade as súas obrigas e dereitos.

3º.- Que se notifique este acordo ó adxudicatario provisional.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e corenta minutos redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,